

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

- 14453** *Orde HFP/915/2021, do 1 de setembro, pola que se modifican a Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria; a Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas a través de contas abertas nas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria; a Orde EHA/3316/2010, do 17 de decembro, pola que se aproban os modelos de autoliquidación 210, 211 e 213 do imposto sobre a renda de non residentes, que deben utilizarse para declarar as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a retención practicada na adquisición de bens inmobles a non residentes sen establecemento permanente e o gravame especial sobre bens inmobles de entidades non residentes, e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación e outras normas referentes á tributación de non residentes; e a Orde do 4 de xuño de 1998 pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública.*

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, regula no seu artigo 60 que o pagamento en efectivo das débedas tributarias poderá realizarse polos medios e na forma que regulamentariamente se establezan.

O Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, establece, entre outras materias, as liñas básicas de actuación das entidades de crédito que actúan como colaboradoras na xestión recadatoria da Facenda pública.

Co obxectivo de desenvolver o establecido no citado texto regulamentario, ditouse a Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No seu artigo 3, a orde anteriormente citada especifica os documentos expedidos polas entidades colaboradoras que teñen a consideración xurídica de xustificantes de pagamento. Uns deses documentos son os recibos en que os datos dos pagamentos a eles asociados quedan identificados univocamente por medio dun número de referencia completo (NRC).

O NRC é un código, xerado ata agora polas entidades colaboradoras, que incorpora de forma cifrada a información básica do pagamento de forma que garante tanto a súa propia autenticidade como a do recibo en que consta.

O vixente sistema de xestión dos NRC, establecido en 1999 coa tecnoloxía existente daquela, presenta na actualidade unha serie de limitacións bastante significativas. Así, está desenvolvido en tecnoloxías que xa non teñen soporte e os protocolos criptográficos que utiliza están desfasados, de forma que poderían chegar a presentar algúns problemas de seguridade respecto da plena garantía da súa autenticidade.

Por todo iso, considérase imprescindible acometer un proceso de modernización e actualización que permita aproveitar as posibilidades que ofrece a tecnoloxía actual e posibilite que o novo sistema, en que a Axencia Estatal de Administración Tributaria

pasaría a ser o emisor do NRC por petición da entidade colaboradora, se poida aliñar con outros servizos electrónicos habituais.

Adicionalmente, debe destacarse que a consolidación do NRC por parte das entidades colaboradoras ante a Axencia Tributaria permitiralle a esta dispor dunha información practicamente inmediata dos pagamentos realizados a través de tales entidades, o que suporá un importante avance operativo en materia de control e seguimento dos ingresos por parte da Administración tributaria estatal. En particular, permitirá resolver case inmediatamente aqueles casos en que os obrigados solicitan certas actuacións da Administración tributaria estatal (devolucións de garantías, levantamentos de embargos, expedición de certificados de ingreso ou de estar ao día en obrigacións tributarias, etcétera) que están condicionadas á realización previa do pagamento, máxime se se considera que, tras esta modificación normativa, a totalidade dos pagamentos que se realicen ante as entidades colaboradoras na xestión recadatoria estatal deberán estar asociados a un NRC que, ademais, deberá constar obrigatoriamente no xustificante de ingreso que tales entidades proporcionen aos obrigados ao pagamento.

Polo tanto, outros dos xustificantes de pagamento que se verán afectados polo novo sistema de xestión serán os recibos expedidos polas entidades colaboradoras nos casos de domiciliación do pagamento, que deberán conter en todo caso un NRC que, como o resto, deberá ser consolidado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Co obxecto de dar cabida a esta nova exigencia, introdúcense modificacións nos anexos III e IV da Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas a través de contas abertas nas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos cales se recollen as especificacións técnicas dos ficheiros de ordes de domiciliación de autoliquidacións e de aprazamentos e fraccionamentos que se poñen á disposición das entidades colaboradoras.

Outra das modificacións introducidas refírese á Orde EHA/3316/2010, do 17 de decembro, pola que se aproban os modelos de autoliquidación 210, 211 e 213 do imposto sobre a renda de non residentes, que deben utilizarse para declarar as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a retención practicada na adquisición de bens inmoables a non residentes sen establecemento permanente e o gravame especial sobre bens inmoables de entidades non residentes, e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación e outras normas referentes á tributación de non residentes.

A orde aludida no parágrafo anterior establece, no seu artigo 14, un procedemento de pagamento desde o estranxeiro das cotas que se deberán ingresar resultantes de autoliquidacións do imposto sobre a renda de non residentes sen establecemento permanente (modelo 210), mediante transferencia bancaria a unha conta aberta no Banco de España. Porén, a práctica ten demostrado que, como consecuencia da escasa, limitada e incompleta información que acompaña os ingresos efectuados por esta vía, resulta para a Administración tributaria moi dificultoso, cando non imposible, a correcta aplicación dos ingresos recibidos á obrigación de pagamento e ao obrigado correspondente.

É preciso, por conseguinte, establecer un novo procedemento que garanta tanto a recepción do pagamento por transferencia como que esta veña acompañada da información necesaria para a súa correcta identificación e aplicación.

Por último, a experiencia acumulada aconsella introducir algunhas modificacións e adaptacións na Orde do 4 de xuño de 1998 pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública.

A presente orde responde aos principios de boa regulación que exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. Así mesmo, a norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos que se perseguen.

Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma foi sometida ao trámite de información pública aplicable á tramitación e aprobación das ordes ministeriais. Por último, e en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas posibles.

A disposición derradeira única do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, habilita o ministro de Economía e Facenda para ditar aquelas disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e a execución do dito texto regulamentario.

A habilitación a que se refire o parágrafo anterior debe considerarse conferida actualmente á ministra de Facenda, en virtude do establecido no artigo 5 e na disposición derradeira segunda do Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. Documentos entregados ou expedidos polas entidades colaboradoras que teñen carácter de xustificantes de ingreso.

Teñen a consideración de xustificantes de ingreso os seguintes documentos entregados ou proporcionados polas entidades colaboradoras aos obrigados ao pagamento das débedas:

1. Os documentos de ingreso de autoliquidacións e as cartas de pagamento correspondentes a liquidacións practicadas pola Administración validadas mecanicamente polas entidades colaboradoras.

Esta validación deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

- A data do ingreso (ou, de ser o caso, a data de presentación da solicitude de devolución).
- O importe da operación.
- A clave da entidade e oficina receptora.
- O literal «Ingreso» ou abreviatura que permita identificar o concepto.
- O número de referencia completo (NRC) asignado ao ingreso.

As entidades colaboradoras poderán optar por substituír a validación mecánica nos documentos de ingreso de autoliquidacións e nas cartas de pagamento correspondentes a liquidacións practicadas pola Administración pola emisión de documentos independentes.

Os documentos substitutivos da validación mecánica serán considerados xustificantes de ingreso, sempre que neles figuren, como mínimo, os seguintes datos:

- Os que se exigen para a validación mecánica.
- O código de modelo.

- O exercicio e o período (só no caso de autoliquidacións).
- O número de xustificante.
- A indicación expresa do medio de pagamento utilizado: metálico ou cargo na conta (neste caso, deberá indicarse o IBAN da conta en que se produciu o cargo).
- Nos casos de solicitudes de devolución, deberá constar o IBAN da conta designada polo obrigado tributario para recibir o importe da devolución.
- O selo da entidade colaboradora.
- A hora en que se produciu o ingreso (ou se recibiu a solicitude de devolución).
- O número de referencia completo (NRC) asignado.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, o efecto liberatorio para o obrigado fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria producirase en función do importe, da data e da natureza da operación consignados pola entidade colaboradora na validación mecánica ou no documento substitutivo desta.

Naqueles casos en que o obrigado realizase o pagamento mediante cargo na conta, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta en que cargue o importe do ingreso.

2. Os recibos expedidos polas entidades colaboradoras nos supostos de cargos na conta por pagamentos domiciliados, sempre que se encontre admitida normativamente a utilización deste medio de pagamento.

Estes recibos, que deberán ser proporcionados ao obrigado pola entidade colaboradora unha vez realizado o cargo na conta, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

- A data do cargo na conta.
- O importe.
- O código de modelo.
- O número de xustificante.
- Os códigos da entidade e sucursal.
- A denominación social da entidade colaboradora.
- O IBAN da conta en que se produciu o cargo.
- Os datos do obrigado:
 - O NIF.
 - O anagrama ou as catro primeiras letras do primeiro apelido (só en caso de autoliquidacións de persoas físicas).
 - Os apelidos e nome ou razón social.
 - Os datos da débeda satisfeita (só en caso de autoliquidacións):
 - O concepto.
 - O exercicio e período.
- O número de referencia completo (NRC) asignado ao ingreso.
- A lenda: «Este cargo produce os efectos liberatorios para co Tesouro público previstos no Regulamento xeral de recadación».

Sen prexuízo do establecido nos artigos 34.4, último inciso, e 38.3 do Regulamento xeral de recadación, nestes casos o obrigado quedará liberado en función da data de cargo na conta que a entidade colaboradora faga constar no recibo. En todo caso, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta en que cargue o importe do ingreso.

3. Os recibos expedidos polas entidades colaboradoras ou a través da sede electrónica da Axencia Tributaria, como consecuencia de cargos na conta (naqueles casos en que non sexa posible a validación do documento de ingreso,

por non encontrarse presente na entidade o obrigado tributario que optase por algunha forma de pagamento a distancia, ao ser presentada a autoliquidación en soporte distinto ao papel) ou naqueles outros casos en que, pese a efectuar o ingreso presencialmente, o obrigado non proporcione á entidade colaboradora ningún dos documentos de ingreso físicos a que se refire o número 1 deste mesmo artigo, e solicite que a dita entidade emita un destes recibos. Nestes últimos casos, a entidade colaboradora poderá solicitar aos obrigados ou ordenantes do pagamento a entrega de documentos ou formularios subscritos por eles en que consten as ordes de pagamento, así como os termos expresos destas.

Estes recibos, que deberán ser proporcionados ao obrigado pola entidade colaboradora unha vez realizado o ingreso ou o cargo na conta, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

- A data e a hora da operación.
- O importe.
- O código de modelo.
- O número de xustificante (non será necesario no caso de autoliquidacións).
- Os códigos da entidade e sucursal.
- A denominación social da entidade colaboradora.
- O IBAN da conta en que se produciu o cargo ou número da tarxeta de crédito ou de débito utilizada para realizar o pagamento (non será necesario cando o pagamento se efectuase en efectivo).
 - Os datos do obrigado:
 - O NIF.
 - O anagrama ou as catro primeiras letras do primeiro apelido (só en caso de autoliquidacións de persoas físicas).
 - Os apelidos e nome ou razón social.
 - Os datos da débeda satisfeita (só en caso de autoliquidacións):
 - O concepto.
 - O exercicio e o período.
 - O tipo de autoliquidación (ingreso ou devolución).
- As seguintes lendas:
 - “Este cargo produce os efectos liberatorios para co Tesouro público previstos no Regulamento xeral de recadación” (en todos os casos).
 - “O ingreso da débeda non exime da obrigación de presentar a autoliquidación” (só deberá incluírse no caso de autoliquidacións).
- O número de referencia completo (NRC) asignado ao ingreso.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, nestes casos o efecto liberatorio para o obrigado producirase en función do importe, da data e da natureza da operación consignados pola entidade colaboradora no recibo. En caso de que o obrigado realice o pagamento mediante cargo na conta, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta en que cargue o importe do ingreso.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 4. *O número de referencia completo (NRC).*

1. Concepto, composición e validación. O NRC é un código de vinte e dúas posicións alfanuméricas, xerado informaticamente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante un sistema que permite asociar o pagamento á autoliquidación, a taxa ou o documento de ingreso expedido pola Axencia Estatal

de Administración Tributaria ou polos órganos competentes da Administración xeral do Estado delas derivado.

As trece primeiras posicións dos NRC xerados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria constituirán o número de xustificante do ingreso a que se asocian.

A correcta configuración dos NRC xerados poderá ser obxecto de comprobación, a través de servizos en liña habilitados pola Axencia Tributaria para tales efectos.

2. Consecuencias da inclusión do NRC nos xustificantes de pagamento. A inclusión do NRC nun xustificante de pagamento entregado ao obrigado tributario pola entidade colaboradora terá as seguintes consecuencias:

a) Entenderase que o xustificante de pagamento en que figura responde a un ingreso realizado na entidade de crédito que o inclúe.

b) Quedará acreditado que o dito xustificante de pagamento corresponde á autoliquidación, á taxa ou ao documento de ingreso expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órgano competente da Administración xeral do Estado que se indica no recibo e non a outro.

c) A partir do momento da emisión do xustificante de pagamento, e sempre que o NRC non sexa anulado conforme o disposto no artigo 21 da presente orde, a entidade colaboradora que o emita queda obrigada fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria polo importe que consta no recibo, e o debedor queda liberado da súa obrigación de pagamento fronte á Facenda pública, sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación.

3. Xeración do NRC pola Axencia Tributaria e comunicación deste á entidade colaboradora.

Naqueles casos en que os obrigados efectúen o pagamento presencialmente nas sucursais das entidades colaboradoras ou a través dos seus propios servizos de banca electrónica ou caixeiros automáticos, a entidade colaboradora solicitará telematicamente á Axencia Tributaria a xeración dun NRC. Para iso, enviará os datos que se recollen no anexo VII, en función do tipo de pagamento de que se trate, que quedarán asociados ao NRC que se xere.

A partir da petición correctamente realizada pola entidade colaboradora, a Axencia Tributaria xerará o NRC, rexistraráo nos seus sistemas de información e farallo chegar telematicamente á entidade.

Tras recibir o NRC da Axencia Tributaria, a entidade colaboradora realizará o cobramento ao obrigado tributario e o aboamento do seu importe na conta restrinxida que corresponda.

Só despois do aboamento na conta restrinxida a entidade colaboradora lle entregará ao obrigado o xustificante de pagamento realizado, que, en todo caso, deberá incluír o NRC xerado pola Axencia Tributaria para ese ingreso.

Cando o ingreso se realice a través da sede electrónica da Axencia Tributaria, esta xerará o correspondente NRC, a partir dos datos capturados polo ordenante do pagamento, e remitirallo telematicamente á entidade colaboradora, xunto cos ditos datos.

No caso de que o pagamento se realice mediante domiciliación bancaria, a Axencia Tributaria comunicará ás entidades colaboradoras o NRC asociado a cada ingreso, xunto coa información das ordes de domiciliación dirixidas a contas abertas en cada entidade.

Cando o pagamento proceda dun procedemento de embargo de contas bancarias, a entidade colaboradora solicitaralle á Axencia Tributaria a xeración do NRC no momento en que, de acordo coa normativa aplicable na materia, deba realizar o ingreso da cantidade trabada na conta restrinxida que corresponda.

Unha entidade colaboradora non poderá solicitar a xeración do NRC cando o pagamento se vaia efectuar en calquera outra entidade. Aquela entidade colaboradora que incumpra o anterior deberá asumir a responsabilidade por todos os prexuízos que poidan derivar da dita conduta.

4. Consolidación do NRC. As entidades colaboradoras deberanlle confirmar á Axencia Tributaria o efectivo aboamento dos ingresos nas respectivas contas restrinxidas. Para iso, deberán consolidar o NRC asociado a cada un dos ingresos, a través do servizo habilitado pola Axencia Tributaria para tal efecto. Para realizar a consolidación, as entidades colaboradoras enviaranlle á Axencia Tributaria os datos que se recollen no anexo VII.

A consolidación do NRC unicamente poderá ser realizada pola entidade colaboradora que solicitou a súa xeración á Axencia Tributaria.

En todo caso, a consolidación do NRC deberá ser comunicada pola entidade colaboradora á Axencia Tributaria o mesmo día en que se produza o pagamento polo obrigado e o aboamento do seu importe na conta restrinxida.

Naqueles supostos excepcionais en que, como consecuencia de anomalías no servizo de consolidación anteriormente aludido atribuíbles directamente á Axencia Tributaria, a entidade colaboradora non puiden consolidar o NRC, este poderá ser consolidado por iniciativa da propia Axencia Tributaria. Para iso, as entidades colaboradoras deben proporcionar un servizo en liña que lle permita á Axencia Tributaria consultar se para un determinado NRC se efectuou ou non o ingreso na conta restrinxida. En todo caso, as entidades colaboradoras deberán acreditar a existencia destas circunstancias excepcionais, por requirimento dos órganos da Axencia Tributaria.

A concorrencia das circunstancias excepcionais citadas no parágrafo anterior non eximirá as entidades colaboradoras da obrigaación de lle comunicar á Axencia Tributaria a consolidación do NRC polo procedemento ordinario, tan pronto como cesen as causas da dita excepcionalidade.

Cada NRC deberá estar dispoñible no servizo de consulta da entidade colaboradora que solicitou a súa xeración durante un período de cinco anos, contados desde a súa data de xeración.

Cando o pagamento sexa efectuado a través da sede electrónica da Axencia Tributaria, o NRC quedará consolidado nos seus sistemas no momento en que se reciba a contestación telemática da entidade colaboradora que autorice a emisión do xustificante de pagamento para o obrigado.

5. Validez do NRC. Para que un NRC poida ser considerado válido será requisito imprescindible que fose rexistrado previamente nos sistemas de información da Axencia Tributaria.

Os NRC asociados a ingresos só se admitirán para realizar trámites ante a Axencia Tributaria, incluída a obtención de certificados desta, se foron obxecto de consolidación previa pola entidade colaboradora que corresponda, sen prexuízo do previsto no punto anterior en caso de concorreren circunstancias excepcionais no procedemento de consolidación.

6. Anulación do NRC. As entidades colaboradoras poderán anular os NRC xerados pola Axencia Tributaria cando aínda non se consolidasen, é dicir, sempre que non se producise o aboamento do ingreso asociado na conta restrinxida da Axencia Tributaria nin a entrega de xustificante do pagamento ao obrigado.

A anulación dos NRC consolidados unicamente será admisible nos casos, condicións e prazos que se establecen na presente orde.

O procedemento para a anulación deberao iniciar a entidade colaboradora que, a través do servizo habilitado para o efecto, comunicará a solicitude de anulación á Axencia Tributaria, a cal confirmará a petición da entidade e tomará razón dela nos seus sistemas de información. Para comunicar a anulación, a entidade colaboradora transmitiralle á Axencia Tributaria os datos que se recollen no anexo VII.

A anulación do NRC unicamente poderá ser realizada pola entidade colaboradora que solicitou a súa xeración á Axencia Tributaria.

En caso de que, de acordo co establecido na normativa aplicable, o NRC non for susceptible de anulación, a Axencia Tributaria informará de tal circunstancia a entidade colaboradora, mediante a devolución do correspondente erro. No caso de que, malia a mensaxe de erro recibida da Axencia Tributaria, a entidade anule o NRC, esta non quedará liberada da obrigaón de ingresar no Tesouro o importe do pagamento improcedentemente anulado.

O NRC unicamente poderá considerarse anulado cando a anulación fose confirmada pola Axencia Tributaria. En caso contrario, e sempre que o NRC fose obxecto de consolidación previa, a entidade colaboradora non quedará liberada da súa obrigaón de ingresar o seu importe ao Tesouro público. Tampouco quedará liberada da dita obrigaón aquela entidade colaboradora que anule improcedentemente o NRC despois do aboamento na conta restrinxida do importe do ingreso asociado a este, pero con anterioridade á súa consolidación ante a Axencia Tributaria.

Unha vez anulado, o NRC non poderá utilizarse para efectuar trámites ante a Axencia Tributaria.

En ningún caso se permitirá a anulación dos NRC que fosen previamente utilizados para realizar trámites ante a Axencia Tributaria, incluída a obtención de certificados desta. Tampouco se permitirá a anulación cando, na toma de decisión en calquera procedemento ou actuación da Axencia Tributaria, o ingreso asociado ao NRC fose considerado como efectivamente realizado polo obrigado.

7. Condicións de seguridade. As condicións e criterios de seguridade do sistema NRC recóllense no anexo VII bis.»

Tres. Modifícase o terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 5, que queda redactado do modo seguinte:

«Non obstante, poderán efectuarse outros cargos, cando estes teñan orixe en anulacións de aboamentos motivados pola concorrencia dalgunha das circunstancias mencionadas nos artigos 18, 19, 20 e 21 desta orde, sempre que estean debidamente xustificadas.»

Catro. Modifícase o punto 3 do artigo 5, que queda redactado do modo seguinte:

«3. Ingreso na conta restrinxida. O aboamento na conta restrinxida do Tesouro público deberá realizarse na mesma data en que se produza o ingreso na entidade, a cal, pola súa vez, coincidirá coa data de comunicación á Axencia Tributaria pola entidade colaboradora da consolidación do NRC, segundo o establecido no punto 4 do artigo 4 desta orde.

En todo caso, o aboamento na conta restrinxida realizarase de forma individualizada, e levarase a cabo unha anotación na conta por cada documento de ingreso recadado.»

Cinco. Modifícase punto 4 do artigo 5, que queda redactado do modo seguinte:

«4. Achea de extractos das contas restrinxidas polas entidades colaboradoras. O Departamento de Recadación, a través do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras, poderá solicitar das ditas entidades extractos das contas restrinxidas que, para cada operación de ingreso, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos relativos ao período para o cal se soliciten:

a) O concepto da operación, que corresponderá a algún dos seguintes:

1.º Aboamento normal, realizado na data de ingreso do obrigado ao pagamento e coincidente coa data de comunicación á Axencia Tributaria do NRC

asociado ao pagamento e coa data de ingreso que figure no xustificante de pagamento proporcionado ou entregado ao obrigado.

2.º Cargo por anulación de apuntamento, que se efectuará polo mesmo importe polo que se realizou o aboamento impropcedente por erro de imputación, por duplicidade ou por cobramentos incorrectos.

3.º Cargo por ingreso no Banco de España.

Cada entidade colaboradora poderá expresar os anteriores conceptos por medio de códigos, numéricos ou alfabéticos, sempre que o extracto indique claramente o significado de cada un deles.

b) A data de valoración, que deberá coincidir coa que conste no xustificante de pagamento proporcionado ou entregado ao obrigado, excepto cando a anotación na conta se refira á anulación dun asiento anterior; neste caso, a data de valoración será aquela que, como data de operación, se consignou na anotación que se anula.

c) A data de operación, que será a de anotación efectiva na conta restrinxida.

d) O importe do ingreso ou do cargo.

e) O código numérico identificativo da sucursal que validou ou emitiu o correspondente xustificante de ingreso.

f) O saldo da conta tras cada operación de ingreso ou de cargo (unicamente cando a entidade colaboradora subministre o extracto en soporte papel).

Cando o número de operacións que comprenda sexa superior a cincocentas, as entidades colaboradoras deberán subministrar o extracto por teleproceso, de acordo coas especificacións técnicas que figuran no anexo VIII. Cando o número de operacións sexa igual ou inferior a cincocentas, as entidades colaboradoras poderán optar por remitir o extracto en papel ou por teleproceso.

Por requirimento do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as entidades colaboradoras deberán proporcionarlle a este as ferramentas e claves que permitan que tanto a consulta como a obtención dos movementos das contas restrinxidas se poidan levar a cabo pola internet.»

Seis. Modifícase o artigo 7 «Quincenas recatorias para as entidades colaboradoras», que queda redactado do modo seguinte:

«Cada quincena comprenderá desde o día seguinte ao de finalización da quincena anterior ata o cinco ou vinte seguinte ou ata o inmediato hábil posterior se o cinco ou o vinte son inhábiles.

Para estes efectos, terán a consideración de inhábiles os sábados, os domingos, as festividadeas nacionais, as festividadeas autonómicas e locais correspondentes ao municipio en que se encontre situada a oficina central do Banco de España e o Luns de Pascua.

O vencemento de cada quincena será único no ámbito nacional e coincidirá coa data da súa finalización.»

Sete. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 8, que queda redactado do modo seguinte:

«Naqueles supostos en que os xustificantes de pagamento sexan os documentos substitutivos da validación mecánica previstos no artigo 3.1 da presente orde ou algún dos recibos a que se refiren o artigo 3.2 e 3, as entidades deberán conservar durante un período de cinco anos os soportes informáticos relativos á xeración de tales recibos, de forma que se poidan obter duplicados deles, por petición do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras ou dos obrigados ao pagamento.»

Oito. Modifícase o artigo 18, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 18. *Erros de imputación nas contas restrinxidas ou aboamentos duplicados en tales contas.*

1. Erros de imputación. Cando as entidades colaboradoras incorresen en erros de imputación dos ingresos nas súas respectivas contas restrinxidas, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, anularán o asento mediante cargo na conta restrinxida errónea e realizarán o inmediato aboamento na conta restrinxida correcta polo mesmo importe.

Para estes efectos, unicamente se entenderá producido un erro de imputación cando o pagamento realizado polo obrigado fose aboado pola entidade colaboradora nunha conta restrinxida que, de acordo co establecido no artigo 5 da presente orde, sexa incorrecta.

2. Aboamentos duplicados. En caso de que, existindo un único pagamento por parte do obrigado (é dicir, que a Axencia Tributaria xerase un só NRC asociado a ese ingreso), a entidade colaboradora aboase por duplicado o seu importe na conta restrinxida, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, anulará o asento duplicado mediante cargo polo mesmo importe na conta restrinxida.

3. Xustificación. En todo caso, as entidades colaboradoras deberán xustificar documentalmente as incidencias referidas nos puntos 1 e 2 deste artigo cando así lles sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.»

Nove. Modifícase o artigo 19, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 19. *Erros nos NRC consolidados ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Anulación de ingresos por parte das entidades colaboradoras.*

1. Procedemento e prazo. Cando unha entidade colaboradora consolidase un NRC ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria co importe ou outro dato incorrecto, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, deberá anular o dito NRC, nos termos e condicións previstos no punto 6 do artigo 4 desta orde.

Unha vez transmitida a anulación do NRC e admitida esta pola Axencia Tributaria, a entidade colaboradora anulará o ingreso erróneo mediante cargo na conta restrinxida que corresponda.

En caso de ser necesario, tras a anulación, a entidade colaboradora xestionará novamente o pagamento do obrigado, solicitándolle á Axencia Tributaria a xeración dun novo NRC cos datos que resulten correctos.

As entidades colaboradoras estarán obrigadas a levar a cabo as anulacións dos xustificantes con NRC ata o día seguinte hábil ao da finalización da quincena que corresponda á data de ingreso que conste no recibo erróneo. Para estes efectos, consideraranse inhábiles os sábados e as festividade de carácter nacional.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, será responsabilidade da entidade colaboradora que o obrigado ao pagamento non teña no seu poder xustificantes de ingreso nos cales consten importes ou outros datos que non se axusten á realidade do pagamento.

2. Xustificación. As entidades colaboradoras deberán xustificar documentalmente as incidencias referidas no punto 1 cando lles sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

Naqueles supostos en que a anulación do ingreso se deba a unha orde do obrigado ao pagamento á entidade colaboradora, será responsabilidade desta

dispor dos documentos que acrediten fidedignamente a orde de anulación do obrigado.

3. Autorización previa da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Sen prexuízo do anterior, a anulación do NRC precisará de autorización previa da Axencia Estatal de Administración Tributaria nos seguintes casos:

a) Declaracións liquidacións correspondentes ao imposto especial sobre determinados medios de transporte (modelo 576).

b) Declaracións liquidacións correspondentes á taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social (modelo 696).

c) Nos demais casos en que así o estableza o titular do Ministerio de Facenda.

Nestes supostos, cando a entidade colaboradora xerese un NRC erróneo, o obrigado ao pagamento comunicarlles, presencial ou telematicamente, a incidencia aos órganos de recadación das delegacións e administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Estes órganos, unha vez realizadas as comprobacións oportunas, facilitaranlle ao obrigado un documento que autorizará expresamente a inmediata anulación do NRC erroneamente xerado. Con base nese documento, que lle deberá entregar o obrigado á entidade colaboradora, esta procederá tanto á anulación do NRC erróneo como á retrocesión da operación de ingreso que motivou a súa xeración, nos termos indicados no punto 1 deste artigo.

Nos casos en que, sendo requisito necesario, a entidade colaboradora anule un NRC consolidado sen contar cunha autorización previa e escrita da Axencia Tributaria, a entidade non quedará liberada da obrigación de ingresar no Tesouro o importe do pagamento improcedentemente anulado.

En todo caso, o documento de autorización de anulación que emitan os órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria conterá un código mediante o cal a correspondente entidade colaboradora deberá comprobar a autenticidade e validez do documento de autorización que lle sexa presentado. Esta comprobación poderá ser realizada, en todo caso, a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Serán responsabilidade das entidades colaboradoras as incidencias que deriven da anulación de NRC sen comprobar previamente a autenticidade e validez do documento de autorización.

4. Ingresos non anulables. Ademais dos citados no último parágrafo do punto 6 do artigo 4 desta orde, as entidades colaboradoras non poderán, en ningún caso e baixo ningunha condición, anular ingresos consolidados que correspondan aos modelos incluídos no anexo III.

En caso de que a entidade colaboradora anule ou rectifique o importe dos ingresos a que se refire o parágrafo anterior, non quedará liberada da obrigación de ingresar no Tesouro o importe anulado de forma improcedente.»

Dez. Modifícase o artigo 20, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 20. *Erros nos NRC consolidados ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria por ingresos domiciliados.*

1. Procedemento. Naqueles casos en que, tras lle comunicar á Axencia Tributaria a consolidación dun NRC asociado a un pagamento domiciliado polo obrigado, a entidade colaboradora detecte que esa consolidación resulta errónea, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, a entidade deberá anular o dito NRC, nos termos e condicións previstos no punto 6 do artigo 4 desta orde.

As entidades colaboradoras actuarán de acordo co indicado no parágrafo anterior naqueles supostos en que, tras comunicar á Axencia Tributaria a consolidación do NRC, detecten que a conta en que o pagamento foi domiciliado polo obrigado carece de saldo suficiente para atender a orde de domiciliación o día do seu vencemento ou que a dita conta incumpre algún dos requisitos establecidos polo artigo 2 da Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas a través de contas abertas nas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Unha vez transmitida a anulación do NRC e admitida esta pola Axencia Tributaria, a entidade colaboradora anulará o ingreso erróneo, mediante cargo na conta restrinxida que corresponda.

En caso de ser necesario, tras a anulación, a entidade colaboradora xestionará novamente o pagamento do obrigado, e solicitará á Axencia Tributaria a xeración dun novo NRC cos datos que resulten correctos.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, será responsabilidade da entidade colaboradora que o obrigado ao pagamento non teña no seu poder xustificantes de ingreso nos cales consten importes ou outros datos que non se axusten á realidade do pagamento.

2. Xustificación. As entidades colaboradoras deberán xustificar documentalmentemente as incidencias cando lles sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

3. Ingresos non anulables. Ademais dos citados no último parágrafo do punto 6 do artigo 4 desta orde, as entidades colaboradoras non poderán, en ningún caso e baixo ningunha condición, anular ingresos consolidados que correspondan aos modelos incluídos no anexo III.

En caso de que a entidade colaboradora anule ou rectifique o importe dos ingresos a que se refire o parágrafo anterior, non quedará liberada da obriga de ingresar no Tesouro o importe anulado de forma improcedente.»

Once. Suprímese o artigo 21 «Erros na emisión de recibos con NRC».

Doce. No anexo III «Código 023-Liquidacións», suprímese a referencia ao modelo 012 «Liquidación Delegación de Economía e Facenda».

Trece. Modifícase o anexo VII «Xeración do NRC. Normas técnicas», que queda redactado do modo seguinte:

«ANEXO VII

Xeración, consolidación e anulación NRC

1. Xeración do NRC.

1.1 De autoliquidacións:

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
Código de modelo.	Entrada.	Alfanumérico (3).
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
NIF do obrigado.	Entrada.	Alfanumérico (9).
Exercicio.	Entrada.	Numérico (4).
Período.	Entrada.	Alfanumérico (2).
Importe.	Entrada.	Numérico.
NRC.	Saída.	Alfanumérico (22).

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
Data e hora de xeración.	Saída.	Data e hora.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.

1.2 De predeclaracións:

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
N.º xustificante.	Entrada.	Alfanumérico (13).
NIF do obrigado.	Entrada.	Alfanumérico (9).
Exercicio.	Entrada.	Numérico (4).
Período.	Entrada.	Alfanumérico (2).
Importe.	Entrada.	Numérico (positivo).
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
Data e hora de confirmación da predeclaración/borrador.	Entrada.	Data e hora.
NRC.	Saída.	Alfanumérico (22).
Data de xeración.	Saída.	Data.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.

1.3 De documentos de ingreso (modelo 100):

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
Código de modelo.	Entrada.	Alfanumérico (3). Valor constante «100».
Exercicio.	Entrada.	Numérico (4).
Importe.	Entrada.	Numérico.
Período.	Entrada.	Alfanumérico (2).
NIF do obrigado.	Entrada.	Alfanumérico (9).
N.º de xustificante.	Entrada.	Alfanumérico (13).
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
NRC.	Saída.	Alfanumérico (22).
Data de xeración.	Saída.	Data.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición resposta.	Saída.	Alfanumérico.

1.4 De liquidacións practicadas pola Administración:

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
Código de modelo.	Entrada.	Alfanumérico (3).
N.º de xustificante.	Entrada.	Alfanumérico (13).

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
NIF do obrigado.	Entrada.	Alfanumérico (9).
Importe.	Entrada.	Numérico.
Data de ingreso.	Entrada.	Data.
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
NRC.	Saída.	Alfanumérico (22).
Data e hora de xeración.	Saída.	Data e hora.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.

1.5 De taxas:

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
N.º de xustificante.	Entrada.	Alfanumérico (13).
NIF do obrigado.	Entrada.	Alfanumérico (9).
Importe.	Entrada.	Numérico.
Data e hora do ingreso.	Entrada.	Data e hora.
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
NRC.	Saída.	Alfanumérico (22).
Data e hora de xeración.	Saída.	Data e hora.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.

2. Consolidación do NRC.

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
NRC que se consolidará.	Entrada.	Alfanumérico (22).
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
Data e hora do ingreso.	Entrada.	Data e hora.
Data e hora de consolidación.	Saída.	Data e hora.
Estado do NRC.	Saída.	Alfanumérico.
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.

3. Anulación do NRC.

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
NRC que se anulará.	Entrada.	Alfanumérico (22).
Código da entidade colaboradora.	Entrada.	Alfanumérico (4).
Estado do NRC.	Saída.	Alfanumérico.
Data e hora de anulación.	Saída.	Data e hora.

Parámetro	Tipo	Tipo de formato
Código de resposta.	Saída.	Numérico.
Descrición da resposta.	Saída.	Alfanumérico.»

Catorce. Engádesse un novo anexo VII bis, «Condicións de seguridade do sistema NRC», coa seguinte redacción:

«ANEXO VII BIS

Condicións de seguridade do sistema NRC

A seguridade do novo sistema de xestión do NRC en liña baséase no contexto de confianza que se establece entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, Axencia Tributaria) e as entidades colaboradoras que solicitarán e consolidarán os NRC.

Este contexto de confianza constrúese sobre a base do uso de sistemas de clave asimétrica e os certificados electrónicos que deben intercambiar entre todas as partes e autorizar convenientemente nas súas infraestruturas tecnolóxicas, para garantir que só as entidades que forman parte do sistema NRC poidan facer uso dos servizos web que ofrecerá a Axencia Tributaria para xerar, consolidar, validar e anular un NRC.

As condicións de seguridade do sistema NRC regulan os criterios para establecer un procedemento de xestión do ciclo de vida dos certificados electrónicos e as garantías de autenticidade, integridade e non repudio.

1. Os certificados electrónicos e a xestión do ciclo de vida.

A Axencia Tributaria e as entidades colaboradoras serán responsables de xestionar e custodiar adecuadamente os certificados electrónicos que se autorizarán para solicitar e consolidar NRC. Os criterios para a xestión destes certificados electrónicos son:

– Os certificados electrónicos admitidos neste servizo deberán axustarse aos criterios recollidos no artigo 9.2.a e 9.2.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– As entidades colaboradoras deberán solicitarlle á Axencia Tributaria a autorización dos seus certificados electrónicos nos servizos asociados ao sistema de xestión de NRC.

– Para garantir a continuidade do servizo nos procesos de renovación dos certificados electrónicos poderanse manter varios certificados electrónicos autorizados para os mesmos servizos.

– A entidade colaboradora é responsable da custodia e de garantir o uso correcto dos certificados electrónicos dos cales solicite autorización para invocar os servizos do sistema NRC en liña. Para iso, as claves deben estar baixo o control exclusivo das entidades colaboradoras, que velarán por un uso correcto destas e garantirán a súa seguridade, para evitar a súa perda, revelación, alteración ou uso non autorizado.

– Ante calquera sospeita de utilización indebida dos certificados electrónicos deberase proceder á súa revogación e comunicar o incidente á Axencia Tributaria, para que se tomen as medidas que se consideren oportunas. Nesta comunicación deberase facilitar toda a información necesaria para poder avaliar o alcance e o impacto do incidente. Para esta comunicación utilizaranse as canles que se establezan oportunamente para xestionar as incidencias relativas ao sistema de xestión de NRC.

2. Procedemento para a xestión da autorización dos certificados electrónicos.

A xestión da autorización dos certificados electrónicos realizarase segundo o seguinte procedemento:

– A xestión da petición da autorización de certificados electrónicos realizarase a través do rexistro electrónico, onde se deberá xuntar a clave pública do certificado electrónico.

– Para utilizar o rexistro electrónico, habilitarase un procedemento administrativo para que as entidades colaboradoras poidan xestionar estas peticións.

– A presentación de peticións de autorización de certificados electrónicos poderaa realizar unha persoa autorizada pola entidade colaboradora, para o cal se poderá utilizar:

- Un certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica.
- Un certificado electrónico cualificado de persoa física, no caso de que a entidade colaboradora apodere un empregado para realizar peticións de autorización de certificados electrónicos.

– Unha vez presentada a petición, a Axencia Tributaria comprobará que cumpre as condicións para usar o servizo e autorizará a clave pública da entidade colaboradora, que quedará asociada nos sistemas da Axencia Tributaria ao seu número de identificación fiscal.

– A comunicación dos cambios de certificado por renovación ou revogación realizaranse utilizando o mesmo procedemento.

Pola súa parte, a Axencia Tributaria comunicarlles ás entidades colaboradoras os certificados electrónicos que utilizará en cada momento para ofrecer o servizo de NRC en liña, de forma que as entidades colaboradoras poderán autorizalos nos seus sistemas.

3. Garantías de seguridade do sistema.

– A entidade colaboradora é responsable da veracidade e exactitude da información presentada no procedemento de petición de autorización de certificados electrónicos para o sistema de xestión de NRC.

– A entidade colaboradora é responsable da veracidade e exactitude das operacións sobre os NRC que realice mentres non comunique calquera cambio ou incidencia que supoña a baixa do sistema de xestión de NRC ou a revogación dos certificados electrónicos autorizados ao seu NIF.

– Tanto a entidade colaboradora como a Axencia Tributaria quedarán identificadas no sistema NRC polos certificados electrónicos autorizados e activos en cada momento.

– Todas as comunicacións asociadas ao uso do sistema de xestión de NRC en liña se realizarán utilizando canles seguras baseadas en protocolos estándar da internet, garantindo as condicións suficientes de seguridade, segundo o estado da tecnoloxía.

– O sistema de xestión de NRC ofrécese na sede electrónica da Axencia Tributaria cun nivel de dispoñibilidade 24x7 nas mesmas condicións que o resto de servizos que se ofrecen aos contribuíntes.

– As garantías de integridade, non repudio e rastrexabilidade basearanse nos seguintes criterios:

- Todas as peticións e respostas asociadas ao sistema de xestión de NRC quedarán rexistradas automaticamente nos sistemas da Axencia Tributaria, e garantirase a súa integridade e conservación, así como dos metadatos asociados mediante medidas técnicas que aseguren a súa inalterabilidade.

- Todas as respostas da Axencia Tributaria incluírán un código único de seguridade, que identificará univocamente cada petición e resposta realizada por unha entidade colaboradora realizada ao sistema de xestión de NRC. Este código único de seguridade almacenarase de forma inalterable xunto co resto de metadatos que permitirán garantir a integridade e non repudio das peticións e respostas realizadas.

- Os metadatos mínimos que se rexistrarán de forma inalterable por cada petición e resposta son o NIF da entidade colaboradora, o certificado electrónico utilizado en cada petición, o resumo (HASH) da petición/resposta e o código único de seguridade.

- O código único de seguridade utilizarase para xestionar a rastrexabilidade das peticións e respostas realizadas ao sistema de xestión de NRC.

4. Xestión de incidencias que afecten as condicións de seguridade do sistema NRC en liña.

As entidades colaboradoras e a Axencia Tributaria deberán comunicar calquera incidencia que poida afectar as condicións de seguridade do sistema de xestión de NRC. Para iso, estableceranse as canles de comunicación oportunas.

Esta comunicación deberá realizarse no menor tempo posible desde o momento en que se coñeza a incidencia para poder garantir que se toman as medidas oportunas para limitar o impacto no servizo e nas condicións de seguridade deste.

5. Tratamento de datos persoais.

Os datos persoais achegados polo obrigado tributario no cumprimento dos seus dereitos e obrigacións tributarias serán tratados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria coa finalidade da aplicación do sistema tributario e alfandegueiro. Este tratamento axustarase ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Na sede electrónica da Axencia Tributaria facilitarase a información que exige o artigo 13 do regulamento relativa aos posibles tratamentos e ao exercicio dos dereitos sobre eles.»

Quince. Modifícase o punto 2.1 «Deseño do rexistro de entidade transmisora (tipo-1)» do anexo XII «Presentación centralizada ingresos entidades colaboradoras. Especificacións técnicas», que queda redactado do seguinte modo:

«2.1 Deseño do rexistro de entidade transmisora (tipo-1).

Posic.	Tipo	Descrición
1-1	NUM.	TIPO DE REXISTRO 1 = CABECEIRA ENTIDADE TRANSMISORA.
2-5	NUM.	CÓDIGO DE ENTIDADE TRANSMISORA.
6-6	ALF.	TIPO DE PRESENTACIÓN ("I" = INGRESOS).
7-7	ALF.	TIPO DE INGRESOS. "A" = AUTOLIQUIDACIÓNS. "E" = AUTOLIQUIDACIÓNS ESPECIAIS. "L" = LIQUIDACIÓNS. "T" = TAXAS DO TESOURO. "Z" = TAXAS DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

Posic.	Tipo	Descrición
8-15	NUM.	NÚMERO DE QUINCENA (AAAA MM QQ). AAAAMM01 para as quincenas que finalicen o 5 do mes. AAAAMM02 para as quincenas que finalicen o 20 do mes.
16-17	NUM.	DELEGACIÓN AEAT (PRESENTACIÓN CENTRALIZADA = 57).
18-90	ALF.	CUBERTO (FILLER) A BRANCOS.»

Dezaseis. Modifícase o punto 2.2 «Deseño do rexistro de cabeceira de entidade colaboradora (tipo-2)» do anexo XII, «Presentación centralizada ingresos entidades colaboradoras. Especificacións técnicas», que queda redactado do seguinte modo:

«2.2 Deseño do rexistro de cabeceira de entidade colaboradora (tipo-2).

Posic.	Tipo	Descrición
1-1	NUM.	TIPO DE REXISTRO 2 = CABECEIRA ENTIDADE COLABORADORA.
2-5	NUM.	CÓDIGO DE ENTIDADE COLABORADORA.
6-6	ALF.	TIPO DE PRESENTACIÓN ("I" =INGRESOS).
7-7	ALF.	TIPO DE INGRESOS. "A" = AUTOLIQUIDACIÓNS. "E" = AUTOLIQUIDACIÓNS ESPECIAIS. "L" = LIQUIDACIÓNS. "T" = TAXAS DO TESOURO. "Z" = TAXAS DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS.
8-15	NUM.	NÚMERO DE QUINCENA (AAAAMMQQ): AAAAMM01 para as quincenas que finalicen o 5 do mes. AAAAMM02 para as quincenas que finalicen o 20.
16-17	NUM.	DELEGACIÓN AEAT (PRESENTACIÓN CENTRALIZADA = 57).
18-19	NUM.	NÚMERO DE ORDE DA TRANSMISIÓN. - Será o número que identifique as transmisións dunha e.c. nunha quincena. A primeira transmisión da quincena sempre terá NÚMERO = 01. As transmisións correspondentes a aquelas previamente rexeitadas por erro non incrementan este contador. Sempre levarán o número da transmisión orixinal en que se detectaron os erros. Se nunha mesma quincena houber transmisións complementarias ou substitutivas doutras previamente aceptadas, deberán ir incrementando este número.
20-27	NUM.	DATA DE INGRESO (AAAAMMDD). Esta data só será necesario consignala nos rexistros con TIPO INGRESO = A (autoliquidacións).
28-90	ALF.	CUBERTO (FILLER) A BRANCOS.»

Dezasete. Suprímese o punto 2.9, «Deseño do rexistro de detalle de anulacións», do anexo XII, «Presentación centralizada ingresos entidades colaboradoras. Especificacións técnicas».

Dezaoito. Na epígrafe «Rexeitamento de transmisión», do anexo XIII, «Presentación centralizada ingresos entidades colaboradoras: Especificacións técnicas. Validacións», suprímese o texto seguinte:

«Tipo de rexistro 3 (rexistro de detalle) (anulacións dos NRC).

Calquera erro dos descritos considerárase erro grave e provocará o rexeitamento da transmisión:

- O tipo de rexistro distinto de 3.
- O número de secuencia con saltos na numeración.
- O NRC sen contido.
- O NIF: configuración de NIF non existente ou con carácter de control erróneo.
- O tipo diferente de I.
- O exercicio non numérico.
- O importe = 0.
- A data de ingreso ilóxica.
- A data de anulación ilóxica ou menor cá de operación.
- O código de sucursal do ingreso descoñecida.»

Artigo segundo. *Modificación da Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas a través de contas abertas nas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas a través de contas abertas nas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 2. *Requisitos das contas designadas para o cargo de domiciliacións.*

As contas designadas polos obrigados ao pagamento para levar a cabo o cargo do importe das débedas domiciliadas deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Ser de titularidade do obrigado ao pagamento. En todo caso, o titular deberá estar identificado na conta mediante un número de identificación proporcionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos supostos en que a débeda domiciliada corresponda a declaracións anuais do imposto sobre a renda das persoas físicas, será suficiente que a conta de domiciliación sexa de titularidade de calquera dos declarantes.

Naqueles casos en que a débeda domiciliada corresponda a unha autoliquidación do imposto sobre a renda de non residentes, modelo 210, a conta designada deberá ser de titularidade do obrigado tributario ou da persoa que realiza a autoliquidación.

b) Trátase dunha conta á vista ou de aforro que admita a domiciliación de pagamentos.

c) Estar abertas nunha entidade de crédito autorizada para actuar como colaboradora na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Os obrigados a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán domiciliar o pagamento das débedas a que se refire o artigo 1 da presente orde sempre que o recolla o contrato de apertura da conta

designada para o efecto e esta reúna todos os requisitos anteriormente enumerados e, en particular, o que se refire á titularidade.

Carecerán de efectos as ordes de domiciliación en contas que non reúnan os requisitos anteriores, polo que o obrigado deberá responder ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria da posible falta de pagamento ou do pagamento fóra de prazo do importe domiciliado, nos termos que estableza a normativa vixente en cada caso, e iso sen prexuízo da posibilidade de emenda prevista nos artigos 3 e 4 da presente orde respecto daquelas ordes de domiciliación que resulten defectuosas.»

Dous. Modifícase o anexo III, «Ficheiros de ordes de domiciliación de autoliquidacións: especificacións técnicas», que queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO III

Ficheiros de ordes de domiciliación de autoliquidacións: especificacións técnicas

Lonxitude de rexistro: 300.

1. Cabeceira entidade receptora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 1).
ENTIDADE RECEPTORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = M).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	277 posicións alfanuméricas.

2. Cabeceira entidade colaboradora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 2).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = M).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	277 posicións alfanuméricas.

3. Cabeceira entidade colaboradora e vencemento.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 3).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = M).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
DATA VENCEMENTO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	269 posicións alfanuméricas.

4. Detalle.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 4).
NIF PRIMEIRO DECLARANTE.	9 posicións alfanuméricas.
ANAGRAMA.	4 posicións alfanuméricas.
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PRIMEIRO DECLARANTE.	40 posicións alfanuméricas.
NIF SEGUNDO DECLARANTE.	9 posicións alfanuméricas.
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL DO SEGUNDO DECLARANTE.	40 posicións alfanuméricas.
CÓDIGO ADMINISTRACIÓN FISCAL.	5 posicións numéricas.
MODELO.	3 posicións numéricas.
EXERCICIO FISCAL.	4 posicións numéricas.
PERÍODO.	2 posicións alfanuméricas.
XUSTIFICANTE.	13 posicións numéricas.
IMPORTE QUE SE DEBERÁ PAGAR.	13 posicións numéricas (11 enteiros e 2 decimais).
IMPORTE TOTAL DECLARACIÓN ^(*) .	13 posicións numéricas(11 enteiros e 2 decimais).
OPCIÓN FRACCIONAMENTO ^(*) .	1 posición numérica (1=non fracciona, 2=fracciona e non domicilia, 3= fracciona e domicilia 2.º prazo).
CÓDIGO CONTA CARGO (CCC).	20 posicións numéricas.
NIF PRESENTADOR/ ASESOR.	9 posicións alfanuméricas (irá cuberto a brancos).
NOME/RAZÓN SOCIAL PRESENTADOR.	40 posicións alfanuméricas (irá cuberto a brancos).
FORMA DE PAGAMENTO ^(**) .	1 posición numérica (0=cargo CCC obrigado tributario; 1=cargo CCC presentador/asesor).
IBAN.	4 posicións alfanuméricas.
NRC PREXERADO INTERNAMENTE POLA AEAT.	22 posicións alfanuméricas.
LIBRE.	47 posicións alfanuméricas.

^(*) Campos que unicamente teñen contido cando o modelo sexa o 100 (imposto sobre a renda das persoas físicas. Declaración anual ou borrador de declaración).

^(**) Terá o valor "0" mentres non se autorice expresamente a domiciliación en contas que non sexan de titularidade do obrigado ao pagamento.

5. Fin entidade colaboradora e vencemento.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 5).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL DE REXISTROS.	8 posicións núm. (Rexistros tipos 3, 4 e 5).
TOTAL DE IMPORTES QUE SE DEBERÁ PAGAR.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
LIBRE.	274 posicións alfanuméricas.

6. Fin entidade colaboradora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 6).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL REXISTROS.	8 posicións numéricas (registros tipos 2, 3, 4, 5 e 6).
TOTAL DE IMPORTES QUE SE DEBERÁ PAGAR.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
LIBRE.	274 posicións alfanuméricas.

7. Fin entidade receptora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 7).
ENTIDADE RECEPTORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO ENTIDADES COLABORADORAS.	2 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL REXISTROS.	9 posicións numéricas (registros tipos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7).
LIBRE.	284 posicións alfanuméricas.»

Tres. Modifícase o anexo IV, «Ficheiros de ordes de domiciliación de aprazamentos e fraccionamentos: especificacións técnicas», que queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO IV

**Ficheiros de ordes de domiciliación de aprazamentos e fraccionamentos:
especificacións técnicas**

1. Cabeceira entidade receptora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 1).
ENTIDADE RECEPTORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = A).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA DE ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	477 posicións.

2. Cabeceira entidade colaboradora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 2).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = A).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA DE ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	477 posicións.

3. Cabeceira entidade colaboradora e vencemento.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 3).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
TIPO PRESENTACIÓN.	1 posición alfanumérica (valor = A).
NIF AEAT.	9 posicións alfanuméricas.
DATA DE ENVÍO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
DATA DE VENCEMENTO.	8 posicións numéricas (formato AAAAMMDD).
LIBRE.	469 posicións.

4. Detalle.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 4).
NÚMERO DE SECUENCIA.	7 posicións numéricas.
ORGANISMO EMISOR.	7 posicións numéricas.
NIF DO CONTRIBUÍNTE.	9 posicións alfanuméricas.
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL.	40 posicións alfanuméricas.
DOMICILIO DO CONTRIBUÍNTE.	40 posicións alfanuméricas.
CÓDIGO POSTAL.	5 posicións numéricas.
MUNICIPIO.	12 posicións alfanuméricas.
NÚMERO DE EXPEDIENTE.	20 posicións alfanuméricas.
NÚMERO DE XUSTIFICANTE.	13 posicións: 12 posicións numéricas 1 posición alfanumérica.
CLAVE DE LIQUIDACIÓN.	20 posicións alfanuméricas.
NÚMERO DE REFERENCIA.	12 posicións numéricas.
CÓDIGO DE PRAZO.	2 posicións numéricas.
IMPORTE DO PRAZO.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
IMPORTE DOS XUROS.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
IMPORTE DO TOTAL QUE SE DEBERÁ INGRESAR.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).

CÓDIGO CONTA CARGO (CCC).	20 posicións numéricas.
NIF DO PRESENTADOR/ASESOR.	9 posicións numéricas (irá cuberto a brancos).
NOME/RAZÓN SOCIAL PRESENTADOR.	40 posicións alfanuméricas (irá cuberto a brancos).
FORMA DE PAGAMENTO (*).	1 posición numérica (0=cargo CCC debedor; 1=cargo CCC presentador/colaborador social).
IBAN.	4 posicións alfanuméricas.
MODELO.	3 posicións numéricas (002, 069).
NRC-EN LIÑA.	22 posicións alfanuméricas.
LIBRE.	174 posicións.

5. Fin entidade colaboradora e vencemento.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 5).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL REXISTROS.	6 posicións núm. (rex. tipo 3, 4 e 5).
TOTAL DE IMPORTES QUE SE DEBERÁ PAGAR.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
LIBRE.	476 posicións.

6. Fin entidade colaboradora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 6).
ENTIDADE COLABORADORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL REXISTROS.	6 posicións núm. (rex. tipo 2, 3, 4, 5 e 6).
TOTAL DE IMPORTES QUE SE DEBERÁ PAGAR.	13 posicións núm. (11 enteiros e 2 decimais).
LIBRE.	476 posicións.

7. Fin entidade receptora.

TIPO REXISTRO.	1 posición alfanumérica (valor = 7).
ENTIDADE RECEPTORA.	4 posicións numéricas.
NÚMERO ENTIDADES COLABORADORAS.	2 posicións numéricas.
NÚMERO TOTAL REXISTROS.	7 posicións numéricas (Rex. tipo 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7).
LIBRE.	486 posicións.

(*) Terá o valor "0" mentres non se autorice expresamente a domiciliación en contas que non sexan de titularidade do obrigado ao pagamento.

O código IBAN (ESXX) irá nas posicións 298 á 301 (ambas incluídas).»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde EHA/3316/2010, do 17 de decembro, pola que se aproban os modelos de autoliquidación 210, 211 e 213 do imposto sobre a renda de non residentes, que deben utilizarse para declarar as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a retención practicada na adquisición de bens inmoables a non residentes sen establecemento permanente e o gravame especial sobre bens inmoables de entidades non residentes, e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación e outras normas referentes á tributación de non residentes.*

A Orde EHA/3316/2010, do 17 de decembro, pola que se aproban os modelos de autoliquidación 210, 211 e 213 do imposto sobre a renda de non residentes, que deben utilizarse para declarar as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a retención practicada na adquisición de bens inmoables a non residentes sen establecemento permanente e o gravame especial sobre bens inmoables de entidades non residentes, e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación e outras normas referentes á tributación de non residentes, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Presentaranse ante a Oficina Nacional de Xestión Tributaria aquelas autoliquidacións do modelo 210 de cota cero ou a devolver realizadas polo propio contribuínte non residente no formato papel obtido do servizo de impresión a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 10, sempre que, para poder realizar a súa presentación, se deba utilizar o código identificativo mencionado no punto 1.º b) do artigo 14 desta orde e, ademais, non conste na autoliquidación un representante ou un domicilio para efectos de notificacións en territorio español.»

Dous. Modifícase o último parágrafo do punto 7 do artigo 13, que queda redactado como segue:

«En todo caso, mesmo cando transmita a autoliquidación un colaborador social, a conta designada para o cargo da domiciliación debe ser necesariamente de titularidade do contribuínte, para o modelo 213, ou da persoa que realiza a autoliquidación ou do contribuínte, para o modelo 210.»

Tres. Modifícase o artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 14. *Procedemento para a presentación sen certificado electrónico de autoliquidacións 210 con resultado a ingresar, con pagamento desde o estranxeiro mediante transferencia bancaria.*

No caso de autoliquidacións do modelo 210 con resultado a ingresar, poderase presentar a autoliquidación e ingresar a débeda tributaria resultante mediante unha transferencia realizada desde o estranxeiro, consonte o seguinte procedemento:

1.º Na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria (<https://www.agenciatributaria.gob.es>) accederase ao formulario de predeclaración correspondente ao modelo 210, e a seguir consignarase o contido que resulte procedente.

Ao cubrir o formulario, deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

- a) Deberá figurar o contribuínte como persoa que realiza a autoliquidación.
- b) Será necesario consignar o NIF do contribuínte. En caso de non dispor del, deberá obter un código identificativo a través da opción que para iso se facilite dentro do propio formulario.

c) No tipo de declaración deberase elixir “A ingresar mediante transferencia bancaria desde o estranxeiro”.

Así mesmo, deberanse consignar as oito primeiras posicións do IBAN da conta desde a cal se vai realizar a transferencia (en caso de que o código desa conta non se corresponda cun IBAN, faranse constar as oito primeiras posicións dese código, xunto co BIC/SWIFT).

En ningún caso se admitirá o pagamento por transferencia cando este pretenda ser efectuado desde contas que se encontren abertas en entidades de crédito que actúen como colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2.º Unha vez cuberto íntegra e correctamente o formulario, deberá xerarse a predeclaración. Nese momento, facilitaráselle ao contribuínte a seguinte información:

– Os datos identificativos (SWIFT-IBAN) da conta a que debe transferirse o importe da débeda tributaria. Esta conta será de titularidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria e, en todo caso, deberá estar aberta nunha entidade de crédito colaboradora na xestión recadatoria estatal.

Un identificador do pagamento, que deberá utilizarse obrigatoriamente, sen lle engadir información adicional, no campo «Concepto» da transferencia ao ser ordenada esta. A validez do identificador do pagamento caducará no prazo de trinta días naturais, contados desde a data da súa obtención.

Advertiráselle a quen pretende efectuar así o pagamento que, no caso de que no concepto da transferencia recibida pola entidade colaboradora non conste ese identificador da orde de pagamento ou figure de forma incompleta ou inexacta, a transferencia será rexeitada e devolta ao ordenante, sen que produza os efectos do pagamento. Así mesmo, advertirase de que a transferencia tamén será rexeitada cando se reciba na conta da Axencia Estatal de Administración Tributaria despois do prazo de validez do identificador obtido para a súa realización ou cando se realice desde unha conta aberta nunha entidade de crédito que sexa colaboradora na xestión recadatoria estatal.

En todo caso, os gastos e comisións que se poidan producir con ocasión da devolución da transferencia serán por conta do ordenante.

En caso de que a transferencia que deba devolverse ao ordenante fose efectuada por este mediante o sistema TARGET 2, desde a Axencia Estatal de Administración Tributaria solicitaráselle á entidade colaboradora que realice a correspondente transferencia inversa. En todo caso, os gastos e comisións que se poidan producir con ocasión da dita transferencia inversa serán por conta do ordenante da transferencia cuxo importe sexa obxecto de devolución.

Tras a validación do contido do formulario, xerarase un documento axustado ao modelo 210 que o contribuínte poderá imprimir ou gardar no dispositivo utilizado para a súa xeración.

3.º A Axencia Estatal de Administración Tributaria porá á disposición da entidade de crédito en que se reciba a transferencia, ademais do identificador do pagamento e o NRC xerado para cada predeclaración, todos os datos necesarios para tramitar os ingresos mediante o procedemento vixente para as entidades colaboradoras na xestión recadatoria estatal, regulado na Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Na mesma data en que reciba unha transferencia, a entidade colaboradora deberá contrastar os datos proporcionados pola Axencia Tributaria coa información que acompañase a transferencia recibida, así como incorporar aos

seus sistemas os datos asociados á operación, de cara á xestión do ingreso nos termos previstos na orde ministerial citada no parágrafo anterior.

No caso de que, unha vez contrastados os datos do identificador do pagamento cos recibidos xunto coa transferencia, non for posible identificar e/ou validar os datos da transferencia recibida, esta será devolta ao seu emisor pola entidade colaboradora que a recíbise conforme a práctica bancaria que resulte de aplicación, sen que caiba a repercusión á Axencia Tributaria de comisións ou gasto ningún pola realización da dita devolución. Nestes supostos, non se producirán os efectos xurídicos do pagamento.

4.º Para todos os efectos recadatorios, considerarase que o ingreso no Tesouro público das cantidades recibidas mediante transferencia se produce na data en que a entidade colaboradora realice o aboamento nalgunha das contas restrinxidas asociadas ao servizo de colaboración na xestión recadatoria estatal, sempre e cando se valide correctamente o identificador de pagamento e se cotexasen os datos de pagamento.

Na sede electrónica da Axencia Tributaria advertirase expresamente de que a data de pagamento será a do aboamento na conta restrinxida que corresponda das previstas no punto 2 do artigo 5 da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Os efectos liberatorios que procedan en cada caso para o obrigado ao pagamento ante a Axencia Tributaria produciranse tamén desde a data aludida nos parágrafos anteriores deste punto.

5.º Unha vez recibida a transferencia pola entidade colaboradora e aboado o seu importe nalgunha das contas restrinxidas previstas na Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o obrigado ao pagamento, tras identificarse correctamente con carácter previo, poderá obter o correspondente xustificante de pagamento na sede electrónica da Axencia Tributaria, na forma e segundo o procedemento habilitado para tal efecto en cada momento.

En todo caso, no dito xustificante farase constar, como data do pagamento, a referida no punto 4.º do presente artigo.

Para obter ese xustificante de pagamento será requisito imprescindible que a entidade colaboradora receptora da transferencia confirmase previamente á Axencia Tributaria a recepción da transferencia e o aboamento do seu importe na conta restrinxida correspondente, de acordo co procedemento establecido na orde ministerial anteriormente mencionada.

6.º A autoliquidación unicamente se dará por presentada cando o ingreso asociado á predeclaración xerada fose imputado nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que considerará que a presentación se produce na data de ingreso comunicada pola entidade colaboradora.

7.º A documentación que, de ser o caso, proceda xuntar conforme o artigo 7 enviarase, xunto co exemplar para a entidade colaboradora/Administración do documento de ingreso/devolución, nun sobre ordinario dirixido á Oficina Nacional de Xestión Tributaria. Nese sobre farase constar o número de modelo de autoliquidación (modelo 210), así como a denominación e enderezo do órgano antes citado.»

Catro. Modifícase o documento de ingreso do modelo 210 de autoliquidación do anexo I, que queda substituído polo que se recolle no anexo desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde do 4 de xuño de 1998 pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública.*

A Orde do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 10 «Transferencias ás contas dos organismos autónomos», que queda redactado do modo seguinte:

«O primeiro día hábil seguinte ao da finalización do prazo establecido no artigo 9 da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ordenará o pagamento á conta que para o efecto sinala a Axencia Tributaria no Banco de España, polo importe total das cantidades recadadas en concepto de taxas que constitúan recursos dos orzamentos dos organismos autónomos.

Efectuada a transferencia indicada no parágrafo anterior, e no prazo dos seis días hábiles seguintes, o Servizo de Xestión Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, por proposta do Departamento de Recadación, ordenará o pagamento do importe correspondente a cada organismo autónomo polo total dos ingresos obtidos en concepto de taxas que constitúen recursos do seu orzamento.

O pagamento a cada organismo autónomo efectuarase mediante transferencia á súa conta no Banco de España.»

Dous. Engádesse un novo punto 3 ao número 12, coa seguinte redacción:

«3. Para os efectos do disposto neste punto, enténdese por conta restrinxida a conta corrente sen retribución e sen devindicación de ningunha comisión na cal só se poden efectuar anotacións en concepto de aboamentos e unha única anotación por cargo cada quincena para ingresar o saldo dela na conta do Tesouro público no Banco de España.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, a súa aplicación producirase nos termos seguintes:

a) En materia de ingresos recadados a través das entidades colaboradoras da Axencia Tributaria:

– De se tratar de ingresos efectuados a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou do Portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, a presente orde será aplicable desde o día 7 de setembro de 2021.

– Nos casos de pagamentos obxecto de domiciliación bancaria (tanto de autoliquidacións como de aprazamentos e fraccionamentos), esta orde será aplicable para os ingresos que deban aboarse nas contas restrinxidas desde o día 30 de novembro de 2021.

– De se tratar de ordes de embargo de contas bancarias presentadas telematicamente, esta orde será aplicable aos ingresos na conta restrinxida derivados de dilixencias postas á disposición das entidades de crédito desde o 17 de decembro de 2021.


– Respecto do resto dos ingresos, o disposto nesta orde será aplicable para os ingresos que deban aboarse nas contas restrinxidas desde o día 24 de xaneiro de 2022.

b) O procedemento establecido na disposición derradeira primeira será aplicable a partir do 1 de xuño de 2022.

c) O previsto na disposición derradeira segunda será aplicable desde o día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado».



Madrid, 1 de setembro de 2021.–A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.



ANEXO

	Agencia Tributaria Teléfono: 901 33 55 33 www.agencia tributaria.es	Impuesto sobre la Renta de no Residentes No residentes sin establecimiento permanente DOCUMENTO DE INGRESO O DEVOLUCIÓN	Modelo 210
Persona que realiza la autoliquidación NIF: _____ Apellidos y nombre, razón social o denominación: _____		Número de justificante: _____ Devenido Agrupación: _____ Período/Año: _____ Fecha de devengo: _____	
Resultado de la autoliquidación Resultado de la autoliquidación..... 31 _____			
Ingreso Importe (casilla [31]): I _____			
Ingreso efectuado a favor del Tesoro Público. Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de autoliquidaciones. Forma de pago: <input type="checkbox"/> En efectivo <input type="checkbox"/> E.C. adeudo en cuenta _____ Número de cuenta en España (IBAN) _____			
Transferencia, a favor del Tesoro Público, a la Cuenta Nº: _____ Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera: Titular de la cuenta u ordenante: N.I.F. _____ Apellidos y nombre, razón social o denominación: _____ Número de cuenta (IBAN) _____ SWIFT/BIC _____ SWIFT/BIC _____ Número de cuenta/Account no. _____ Banco/Name of the bank _____ Dirección del Banco/Address of the bank _____ Ciudad/City _____ País/Country _____ Código País/Country code _____			
Devolución Importe (Casilla [31]): D _____ Renuncia a la devolución, a favor del Tesoro Público <input type="checkbox"/>			
Título de la cuenta: N.I.F. _____ Apellidos y nombre, razón social o denominación: _____ Número de cuenta en España (IBAN) _____			
Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera: Titular de la cuenta: N.I.F. _____ Apellidos y nombre, razón social o denominación: _____ Número de cuenta (IBAN) _____ SWIFT/BIC _____ SWIFT/BIC _____ Número de cuenta/Account no. _____ Banco/Name of the bank _____ Dirección del Banco/Address of the bank _____ Ciudad/City _____ País/Country _____ Código País/Country code _____			
Sin ingreso ni devolución Si la autoliquidación resulta con CUOTA CERO, marque con una X este recuadro. CUOTA CERO <input type="checkbox"/>			
Fecha y firma Fecha: _____ Firma: _____ Fdo: D/Dª _____ Fdo: D/Dª _____			

Este documento no será válido sin la certificación mecánica o, en su defecto, firma autorizada

Ejemplar para el contribuyente/representante

 MINISTERIO DE HACIENDA	 Agencia Tributaria Teléfono: 901 33 55 33 www.agenciatributaria.es	Impuesto sobre la Renta de no Residentes No residentes sin establecimiento permanente DOCUMENTO DE INGRESO O DEVOLUCIÓN	Modelo 210
	<p>Persona que realiza la autoliquidación</p> <p>NIF: <input type="text"/></p> <p>Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/></p> <p>Número de justificante: <input type="text"/></p> <p>Devengo</p> <p>Agrupación: <input type="text"/> Período/Mes: <input type="text"/> Fecha de devengo: <input type="text"/></p>		
<p>Resultado de la autoliquidación</p> <p>Resultado de la autoliquidación..... 31 <input type="text"/></p>			
<p>Ingreso</p> <p>Importe (casilla [31]): <input type="text"/></p> <p>Ingreso efectuado a favor del Tesoro Público. Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de autoliquidaciones.</p> <p>Forma de pago: <input type="checkbox"/> En efectivo <input type="checkbox"/> E.C. adeudo en cuenta <input type="text"/></p> <p>Número de cuenta en España (IBAN) <input type="text"/></p>			
<p>Transferencia, a favor del Tesoro Público, a la Cuenta N.º: <input type="text"/></p> <p>Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera:</p> <p>Titular de la cuenta u ordenante:</p> <p>N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/></p> <p>Número de cuenta (IBAN) <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/></p> <p>SWIFT/BIC <input type="text"/> Número de cuenta/Account no. <input type="text"/></p> <p>Banco/Name of the bank <input type="text"/></p> <p>Dirección del Banco/Address of the bank <input type="text"/></p> <p>Ciudad/City <input type="text"/> País/Country <input type="text"/> Código País/Country code <input type="text"/></p>			
<p>Devolución</p> <p>Importe (Casilla [31]): <input type="text"/> Renuncia a la devolución, a favor del Tesoro Público <input type="checkbox"/></p> <p>Titular de la cuenta:</p> <p>N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/></p> <p>Número de cuenta en España (IBAN) <input type="text"/></p> <p>Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera:</p> <p>Titular de la cuenta:</p> <p>N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/></p> <p>Número de cuenta (IBAN) <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/></p> <p>SWIFT/BIC <input type="text"/> Número de cuenta/Account no. <input type="text"/></p> <p>Banco/Name of the bank <input type="text"/></p> <p>Dirección del Banco/Address of the bank <input type="text"/></p> <p>Ciudad/City <input type="text"/> País/Country <input type="text"/> Código País/Country code <input type="text"/></p>			
<p>Sin ingreso ni devolución</p> <p>Si la autoliquidación resulta con CUOTA CERO, marque con una X este recuadro. CUOTA CERO <input type="checkbox"/></p>			
<p>Fecha y firma</p> <p>Fecha: <input type="text"/> Firma: <input type="text"/></p> <p>Fdo: D/Dª <input type="text"/> Fdo: D/Dª <input type="text"/></p>			

 MINISTERIO DE HACIENDA	 Agencia Tributaria Teléfono: 901 33 55 33 www.agenciatributaria.es	Impuesto sobre la Renta de no Residentes No residentes sin establecimiento permanente DOCUMENTO DE INGRESO O DEVOLUCIÓN	Modelo 210
Persona que realiza la autoliquidación NIF: <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/>		Número de justificante: <input type="text"/>	
Resultado de la autoliquidación Resultado de la autoliquidación..... 31 <input type="text"/>		Devengo Agrupación: <input type="checkbox"/> Período/Año: <input type="text"/> Fecha de devengo: <input type="text"/>	
Ingreso Importe (casilla [31]): <input type="text"/>			
Ingreso efectuado a favor del Tesoro Público. Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de autoliquidaciones. Forma de pago: <input type="checkbox"/> En efectivo <input type="checkbox"/> E.C. adeudo en cuenta <input type="text"/> Número de cuenta en España (IBAN) <input type="text"/>			
Transferencia, a favor del Tesoro Público, a la Cuenta Nº: <input type="text"/> Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera: Titular de la cuenta u ordenante: N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/> Número de cuenta (IBAN) <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/> Número de cuenta/Account no. <input type="text"/> Banco/Name of the bank <input type="text"/> Dirección del Banco/Address of the bank <input type="text"/> Ciudad/City <input type="text"/> País/Country <input type="text"/> Código País/Country code <input type="text"/>			
Devolución Importe (Casilla [31]): <input type="text"/> Renuncia a la devolución, a favor del Tesoro Público <input type="checkbox"/>			
Titular de la cuenta: N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/> Número de cuenta en España (IBAN) <input type="text"/>			
Datos identificativos de la entidad bancaria extranjera: Titular de la cuenta: N.I.F. <input type="text"/> Apellidos y nombre, razón social o denominación: <input type="text"/> Número de cuenta (IBAN) <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/> SWIFT/BIC <input type="text"/> Número de cuenta/Account no. <input type="text"/> Banco/Name of the bank <input type="text"/> Dirección del Banco/Address of the bank <input type="text"/> Ciudad/City <input type="text"/> País/Country <input type="text"/> Código País/Country code <input type="text"/>			
Sin ingreso ni devolución Si la autoliquidación resulta con CUOTA CERO, marque con una X este recuadro. CUOTA CERO <input type="checkbox"/>			
Fecha y firma Fecha: <input type="text"/> Firma: <input type="text"/> Fdo: D/Dª <input type="text"/> Fdo: D/Dª <input type="text"/>			

Este documento no será válido sin la certificación mecánica o, en su defecto, firma autorizada

Ejemplar para la Entidad colaboradora/Administración